



## Alianza entre R e Femxa para impulsar a formación *online* e á medida das empresas

- *As dúas entidades unen as súas forzas para acompañar as empresas no desenvolvemento de solucións que permitan optimizar os procesos de formación e xestión de persoas dentro da súa estratexia global de transformación dixital.*

**Mércores, 26 de maio de 2021.-** R e Femxa, entidade referente en servizos de Formación para o Emprego en España e Latinoamérica, estableceron unha alianza co obxectivo de mellorar a competitividade e produtividade das empresas a través dunha estratexia de formación que favoreza en último termo unha maior motivación, desempeño e compromiso das súas empregadas e empregados.

Grazas a este acordo, R e Femxa poñen a disposición das empresas unha **oferta formativa *online*** e ata 100 % bonificable, que inclúe propostas tecnolóxicas e solucións arredor de temáticas diversas: administración e xestión, comercio e *marketing*, idiomas, desenvolvemento de habilidades e competencias, informática e comunicacións ou seguridade e medio ambiente.

Ademais, as empresas interesadas no desenvolvemento de contidos formativos a medida contarán cun **servizo de deseño e dixitalización** a través do cal se realizará a virtualización de contidos corporativos estáticos (documentación, pdfs, libros, etc.) a contidos totalmente interactivos, dinámicos e 100 % medibles.

Esta alianza nace coa idea de solucionar a fenda que se crea entre a formación tradicional e as capacidades que esixe o mercado actual, mediante o acompañamento no proceso formativo ás empresas clientes.

En España, só o 20 % das empresas invisten en formación para os seus traballadores, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) e, no caso das pemes, esta porcentaxe baixa ata o 4 %. Do mesmo xeito, o 43 % das empresas opta por formar o seu persoal interno no momento de implantar solucións de IA no seu negocio. A tendencia actual indica un aumento significativo na porcentaxe de profesionais que optou por formarse e que vén impulsado pola necesidade de empregados e empresas de adaptarse aos novos tempos, absorber coñecementos innovadores e de aprender sobre as novas tecnoloxías e as novas ferramentas que fagan posible a transformación dixital das organizacións.

Con este acordo con Femxa, **R** amplía a súa rede de alianzas para lles facer chegar ás empresas clientes un **modelo de formación práctica e accesible** para todas as persoas, en calquera dispositivo, co obxectivo de facilitarlles o cumprimento da súa estratexia formativa permitindo o acceso a contidos tecnolóxicos e de desenvolvemento profesional e persoal.

Esta iniciativa de **R** Empresa nace de escoitar as necesidades das organizacións clientas, que nestes momentos necesitan lles ofrecer aos seus equipos unha actualización dos seus coñecementos e un acompañamento continuado e medible. Ao mesmo tempo é unha mostra do seu compromiso por acompañar dunha forma próxima ás empresas na súa aposta pola transformación dixital.

Máis información en: <https://www.cursosfemxa.es/formacion-empresas-r>

### **Acerca de Femxa**

*Con case 20 anos de actividade, máis de 400.000 alumnos formados e 2.000 proxectos formativos de empresa presenciais e e-learning implantados, Femxa tese convertido nun referente no sector de empresas prestadoras de servizos de Formación para o Emprego en España e Latinoamérica.*

### **Acerca de R**

***R** é o operador de telecomunicacións de Galicia que, xunto con Euskaltel, Telecable e Virgin Telco, forma parte do Grupo Euskaltel. O operador galego ofrece servizos avanzados de internet de alta velocidade (ata 500 megas), televisión dixital e telefonía fixa e móbil, e dende hai anos é a opción preferida nos fogares e empresas galegas alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. **R** investiu ata o momento 1.300 millóns de euros neste proxecto para Galicia, onde xa está presente en máis de 140 municipios. ([R.gal](http://R.gal))*

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)

